

RESOLUCIÓN do 7 de setembro de 2021 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por formación para o curso 2021/22 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión.

De conformidade co establecido no punto oitavo da Resolución do 8 de xuño de 2021 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2020/21 destinadas ao funcionariado docente non universitario,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicarlles as licenzas por formación ás persoas que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. De acordo co establecido no punto segundo da resolución de convocatoria, ofertáronse seis modalidades de licenzas por formación, todas elas retribuídas. Dentro do período de desenvolvemento establecido na propia resolución, o profesorado beneficiario puido escoller o período de desfrute da súa licenza.

Terceiro. O profesorado beneficiario das licenzas por formación queda obrigado ao cumprimento do recollido no punto décimo da resolución da convocatoria (Obrigas das persoas beneficiarias), e a respectar o recollido no punto décimo segundo (Incompatibilidades). Non cumprir o anteriormente exposto dará lugar á activación do contido do punto décimo terceiro da resolución de convocatoria (Responsabilidades por incumprimento).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

